



CONSELLERIA DE ECONOMIA EMPREGO E INDUSTRIA
DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO
Edificio administrativo San Caetano, s/n – bloque 5 – 3^a planta
15871 Santiago de Compostela

En contestación ao escrito recibido na Federación de Servizos de CCOO de Galicia, na que nos solicitan relación dos dez domingos e festivos que consideramos mais axeitados para declarar como hábiles no ano 2019,

EXPOÑEMOS

De novo e dende CCOO, entendemos que nada substancial cambiou nos últimos anos con respecto ao que implica a apertura de domingos e festivos para as condicións de traballo das plantillas nas empresas do sector, que seguen a ver precarizadas as mesmas con prolongacións de xornadas, incrementos de xornadas irregulares e impedindo a conciliación da vida laboral e familiar.

Polo exposto anteriormente,

COMUNICAMOS

Que dende a federación de servizos de CCOO de Galicia, rexeitamos unha vez máis as aperturas en domingos e festivos, e nos ratificamos na idea de que sen estas aperturas, o horario comercial xa abastece suficientemente as necesidades comerciais, e a ampliación so serve para deteriorar aínda máis a posibilidade de conciliar a vida laboral e familiar, xerando un prexuízo notorio a todos os traballadores e traballadoras do sector.

A Coruña a 12 de setiembre de 2018



Avda. Alfonso Molina, s/n-15008 A Coruña
Edificio Sindicatos, 4^o planta
Tel.: 981 145 885 - Fax: 981 145 899
www.servizos.ccoo.es

Juan Zas Candamé
Secretaría Acción Sindical
Federación Servizos de CCOO